

## **Avaliación final Matemáticas 1º da ESO**

Na *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*, establécese como novidade con respecto a outros anos, que o alumnado terá un boletín de notas de terceira avaliación, que se entregará a principios de xuño e tamén unha avaliación a partir do 22 de xuño na que obterán a nota final definitiva.

Cabe sinalar que este curso non haberá proba extraordinaria de setembro, polo que o alumnado saberá xa en xuño (tras decisión da xunta de avaliación) sobre a súa promoción/titulación ou non.

### **Xeito de obter a cualificación final de xuño.**

Tel e como se explica na programación didáctica do departamento, a nota final do alumnado é a nota media das tres avaliacións coa condición de que as tres avaliacións estean aprobadas. O cálculo desta media establecerá a nota final.

No caso de que o alumno ou alumna teña algunha avaliación suspensa, deberá presentarse ás probas finais programadas para os días 20, 21 e 22 (establecerase un calendario de exames). Nestas probas, o alumno ou alumna fará só a recuperación da/s avaliación/s suspensas. No caso de recuperar cada unha das tres avaliacións, a nota final será a media das tres avaliacións (considerando como nota de avaliación aquela que obteña nas probas finais). Se algunha das avaliacións non é superada, o alumno ou alumna levará un suspenso na nota final

### **Actividades no período entre terceira avaliación e avaliación final.**

No tempo de clase entre as avaliacións terceira e final, realizaremos tarefas de reforzo para o alumnado que teña algunha avaliación suspensa co obxectivo de presentarse con garantías aos exames finais.

O alumnado que xa teña a materia aprobada (por ter as tres avaliacións aprobadas), realizará tarefas de reforzo e ampliación da posible materia que non dera tempo a traballar antes. Estas tarefas non van influír na nota final.

## **Avaliación final Matemáticas 2º, 3º e 4º da ESO**

Aqueles **alumnos que non aprobasen algunhas das avaliacións** nos correspondentes trimestres ou nas correspondentes recuperacións das mesmas, **deberán examinarse dos contidos non superados das avaliacións suspensas na convocatoria ordinaria final**, que se fará entre os días 20 e 22 de xuño. Nesta proba farán exclusivamente a parte correspondente ás avaliacións non superadas.

En caso de ter superadas as tres avaliacións, o alumno non tería que facer dita proba.

Os alumnos que teñan todas as avaliacións superadas realizarán tarefas de ampliación e consolidación. A **realización destas tarefas teranse en conta para o cálculo da nota final** do curso.

Os alumnos que teñan algunha das avaliacións suspensas realizarán tarefas de repaso das avaliacións que teñen suspensas.

**Se o alumno non ten que facer o exame final** na convocatoria ordinaria, a **nota final calcularase:**

- O 30% da nota corresponde á cualificación da 1ª avaliación.
- O 30% da nota corresponde á cualificación da 2ª avaliación.
- O 30% da nota corresponde á cualificación da 3ª avaliación.
- O 10% da nota corresponde ás tarefas de ampliación e consolidación.

**Se o alumno ten que facer o exame final** na convocatoria ordinaria, a **nota final calcularase facendo a media** das notas das tres avaliacións.

### **Avaliación final Xadrez**

Aqueles **alumnos que non aprobasen algunhas das avaliacións** nos correspondentes trimestres ou nas correspondentes recuperacións das mesmas, **deberán examinarse dos contidos non superados das avaliacións suspensas na convocatoria ordinaria final**, que se fará cara entre os días 20 e 22 de xuño. Nesta proba farán exclusivamente a parte correspondente ás avaliacións non superadas.

En caso de ter superadas as tres avaliacións, o alumno non tería que facer dita proba.

Os alumnos que teñan todas avaliacións superadas realizarán tarefas de ampliación e consolidación. A **realización destas tarefas teranse en conta para o cálculo da nota final** do curso.

Os alumnos que teñan algunha das avaliacións suspensas realizarán tarefas de repaso das avaliacións que teñen suspensas.

A **nota final calcularase facendo a media** das notas das tres avaliacións e tendo en conta as actividades de ampliación se é o caso.